



Concello de Xinzo de Limia

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2023/12	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de outubro de 2023
Duración	Desde as 19:08 ata as 20:15 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello
Presidida por	Amador Diaz Penin
Secretario	Marta María Gómez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34985977X	ANTONIO FERNANDEZ VEIGA	SÍ
34997410N	Amador Diaz Penin	SÍ
76730752S	CAMILO VILA GARCIA	SÍ
44481550X	CRISTINA CAMPERO DORADO	SÍ
34729730Y	Carlos Gomez Salgado	SÍ
76726643T	Carlos López Montero	SÍ
34995266F	MANUEL POZO FARIÑAS	SÍ
34953793A	Maria de los Angeles Martinez Marra	SÍ
34954787P	RAMON GOMEZ SALGADO	SÍ
44459813P	Rafael Penabad Gonzalez	SÍ
76709485T	Ricardo Sieiro Opazo	SÍ





Concello de Xinzo de Limia

44485126K	VICTOR RODRÍGUEZ AVILÉS	SÍ
34944140X	elvira LAMA fernandez	SÍ

Asiste a **Sra. Interventora dona Mónica Legaspi Díaz**, e o informático municipal **Jorge Luís Gómez Yáñez**.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, **INDICANDO QUE ANTES DE PASAR A TRATAR OS PUNTOS DA ORDE DO DÍA VAISE DAR LECTURA POR TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS A UNHA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE O CONFLITO DE ISRAEL E PALESTINA**, declaración redactada a raíz dunha suxerencia do Grupo Municipal Socialista e do teor literal seguinte:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE O CONFLITO DE ISRAEL E PALESTINA,

A corporación municipal de Xinzo de Limia, conformada por tódolos grupos políticos que representamos aos veciños e veciñas, facemos a seguinte declaración institucional:

O conflito árabe-israelí no Oriente Medio leva enquistado por máis de 75 anos, sen unha solución real que dea estabilidade a toda a rexión.

Durante moitos anos asistimos a momentos de grave tensión entre o estado de Israel e o pobo palestino, máis nestes días de outubro asistimos a unha descomunal crise humanitaria da que non podemos ficar alleos.

Sabemos que a comunidade internacional está a facer algúns esforzos por coordinar posicións comúns ante este conflito, agora ben os diálogos van moito máis lentos que a escalada á que asistimos cada día e a cada hora, e que ameaza con estenderse pola rexión con consecuencias imprevisibles para o resto do mundo.

Dende os ataques do grupo terrorista Hamás do pasado día 7 de outubro contra a poboación de Israel, a súa resposta de asedio e aniquilación do grupo terrorista Hamás esta tendo dramáticas consecuencias sobre a poboación civil de Gaza, cortándolles todo subministro de luz, auga, medicamentos e alimentos sobre unha poboación de 2,5 millóns de persoas, das que case a metade son nenos e nenas, o que atenta gravemente contra todo o dereito internacional humanitario (DIH), que é o conxunto de normas que trata de limitar os efectos dos conflitos armados.

Ante esta situación manifestamos:

- * Que condenamos rotundamente os ataques terroristas de Hamás contra Israel.**
- * Que esiximos a inmediata liberación de reféns, tanto en poder de Hamás como en poder do Estado de Israel.**
- * Que recoñecemos o dereito de Israel a defenderse, pero no máis estrito respecto ao dereito internacional e ao dereito internacional humanitario.**
- * Que esiximos que se garanta por parte de Israel o acceso á axuda humanitaria na franxa de Gaza e que se protexa á poboación civil.**





Concello de Xinzo de Limia

** Que, de igual xeito e coa mesma contundencia que condenamos os ataques terroristas de Hamás sobre Israel e esiximos a inmediata liberación das persoas secuestradas, condenamos e esiximos que se deteñan os bombardeos indiscriminados sobre a poboación civil, sobre as persoas e sobre as infraestruturas que dan soporte e apoio humanitario.*

** Que se establezan tódalas vías de diálogo por parte do Goberno de España, tal e como vén defendendo o Estado Español nas últimas décadas en tódolos foros internacionais, co obxectivo final dunha solución de dous Estados Democráticos, co recoñecemento do Estado Palestino, para que convivan en paz e con fronteiras recoñecidas e seguras como solución definitiva ao conflito.*

** Que todo o sinalado veña acompañado dun imprescindible e ambicioso programa financeiro que garanta a viabilidade e o funcionamento do Estado Palestino.”*

A CONTINUACIÓN procédese á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día:

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O *Sr. Presidente* pregunta aos asistentes se existe algunha obxección á acta da sesión celebrada o día 18/09/2023.

Sometida a votación **resulta aprobada por unanimidade a acta referida.**

Expediente 1760/2020. Ratificación da terceira Addenda modificativa do convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello de Xinzo de Limia sobre o financiamento e execución do proxecto “Demolición da presa de Gudín no río Faramontaos, termo municipal de Xinzo de Limia (Ourense)”:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Obras e Mobilidade**, do día 24/10/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a *Proposta da Alcaldía*, de data 18/10/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Visto escrito remitido pola Confederación Hidrográfica en relación a “(...) **Terceira addenda modificativa do convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello de Xinzo de Limia sobre o financiamento e execución do proxecto de “Demolición da presa de Gudín no río Faramontaos”** no que se indicaba que de non haber resposta no prazo de 5 días hábiles se tramitaría a addenda, a Xunta de Goberno Local en data 11/10/2023 adoptou acordo do seguinte teor literal:

“(…) **Expediente 1760/2020. CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL: Rtdo. 3ª Addenda modificativa do convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello de Xinzo de Limia sobre o financiamento e execución do proxecto de “Demolición da presa de Gudín**





Concello de Xinzo de Limia

no río Faramontaos":

Visto o escrito remitido pola **Confederación Hidrográfica Miño-Sil** o día 06/10/2023 (nº 2023-E-RC-6165), ao que xuntan borrador da 3ª addenda modificativa do convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello de Xinzo de Limia sobre o financiamento e execución do proxecto “*Demolición da presa de Gudín no río Faramontaos, termo municipal de Xinzo de Limia (Ourense)*” modificando o Anexo "Anualidades previstas", de acordo cos seguintes importes:

ADMINISTRACIÓN	2021	2022	2023	2024	2025	TOTAL
CHMS, O.A.	64.000,00	29.114,03	2.807,20	384.078,77	480.000,00	960.000
AYUNTAMIENTO DE XINZO DE LIMIA	16.000,00	7.278,51	701,80	96.019,69	120.000,00	240.000,00
TOTAL	80.000,00	36.392,54	3.509,00	480.098,46	600.000,00	1.200.000,00

Visto o informe da *Técnica de Emprego*, de data 09/10/2023, do seguinte teor literal:

"(...) **Asunto:** “*Tercera Adenda de modificación y prórroga del convenio entre la Confederación Hidrográfica Miño-Sil, y el ayuntamiento de Xinzo de Limia sobre la financiación y ejecución del proyecto de “Demolición da la presa de Gudín en el río Faramontaos, término municipal de Xinzo de Limia (Ourense)”*”

Expte.: 1760/2020

INFORME

En data 06/10/2023 ten entrada no rexistro do concello co núm. 2023-E-RC-6165 o borrador da “*Tercera Adenda de modificación y prórroga del convenio entre la Confederación Hidrográfica Miño-Sil y el ayuntamiento de Xinzo de Limia sobre la financiación y ejecución del proyecto de “Demolición da la presa de Gudín en el río Faramontaos, término municipal de Xinzo de Limia (Ourense)”*”.

Vista cláusula primeira da addenda o obxecto da mesma é prorrogar a duración do convenio, introducir unha nova competencia da Comisión de Seguimento e modificar a distribución das anualidades inicialmente establecidas.

Vista cláusula segunda acórdase prorrogar o convenio ata o 31 de decembro de 2026, si nesta data non finalizaron as actuacións obxecto do mesmo, os asinantes do convenio poderán acordar por unanimidade a súa prórroga, dentro dos límites establecidos no artigo 49g) da Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Vista cláusula cuarta, modifícase o segundo párrafo da cláusula undécima do convenio, Comisión de Seguimento, introdúcese unha nova competencia, “(...) *le corresponde igualmente a la Comisión el seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y de los compromisos adquiridos por los firmantes, así como la aprobación de los reajustes de anualidades conforme a lo establecido en la cláusula quinta.(...)*”

Vista cláusula quinta modifícase o Anexo “Anualidades previstas” .

Visto escrito da Xefa de Sección Técnica, solicita se informe acerca da conformidade ou, no seu caso de propostas de modificación. No caso de non ter recibido observación no prazo de 5 días hábiles iniciarán a tramitación da addenda.

De estar conformes solicitan que por parte do concello se realicen os trámites para o reaxuste das anualidades e a firma da addenda antes da finalización deste exercicio orzamentario. (...)”

Visto o informe de **Secretaría e Intervención**, de data 09/10/2023.

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade dos membros asistentes, o seguinte:

- 1) Tomar razón da citada Addenda e dos referidos informes.**
- 2) Prestar conformidade á 3ª Addenda modificativa do convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello de Xinzo de Limia sobre o financiamento e execución do proxecto “Demolición da presa de Gudín no río Faramontaos, termo municipal de Xinzo de Limia (Ourense)”.**
- 3) Notificar o presente acordo ó citado Organismo, á Técnica de Emprego, ós Departamentos de Intervención e Tesourería, e ó Departamento de Secretaría para que sexa ratificada a presente addenda na vindeira sesión plenaria. (...)**





Concello de Xinzo de Limia

Visto Informe de **Secretaría e Intervención** indicando a necesidade de ratificación plenaria.

PROPONSE Ó PLENARIO:

ÚNICO. Ratificar a 3ª Addenda modificativa do convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello de Xinzo de Limia sobre o financiamento e execución do proxecto “Demolición da presa de Gudín no río Faramontaos, termo municipal de Xinzo de Limia (Ourense)”. . (...)”

Tralo debate a proposta resulta ditaminada **favorablemente**, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal “ÁXIL” (1, e 1 o Alcalde), co voto a favor dos concelleiros do grupo municipal popular (3), co voto a favor dos concelleiros do PSdeG-PSOE (3), e coa abstención do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), coa **seguinte proposta de acordo:**

ÚNICO. Ratificar a 3ª Addenda modificativa do convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello de Xinzo de Limia sobre o financiamento e execución do proxecto “Demolición da presa de Gudín no río Faramontaos, termo municipal de Xinzo de Limia (Ourense)”. (...)”

Sen producirse debate a proposta resulta **aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

ÚNICO. Ratificar a 3ª Addenda modificativa do convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello de Xinzo de Limia sobre o financiamento e execución do proxecto “Demolición da presa de Gudín no río Faramontaos, termo municipal de Xinzo de Limia (Ourense)”.

Expediente 2079/2020. Ratificación Decreto designación de representante para a Comisión de Seguimento do convenio coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil para “Análises e actuación de Consolidación das Infraestruturas Hidráulicas asociadas ao Mosteiro do Buen Jesús de Trandeiras (Xinzo de Limia-Ourense):

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Obras e Mobilidade**, do día 24/10/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o *Decreto da Alcaldía*, de data 19/09/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o acordo plenario de data 19/06/2020 por medio do cal se aprobou o convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. e o Concello de Xinzo de Limia para o financiamento, execución e entrega das obras de “Análises e actuación de Consolidación das Infraestruturas Hidráulicas asociadas ao Mosteiro do Buen Jesús de Trandeiras (Xinzo de Limia-Ourense)”.

Visto que con data 30/12/2022 outorgouse a terceira addenda modificativa do antedito convenio.

Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 27/09/2023 (nº 2023-E-RC-5910) remitido pola **Confederación Hidrográfica Miño-Sil**, por medio do cal solicitan designación de representante para a Comisión de Seguimento, dado que se prevé necesario aprobar un reaxuste das anualidades establecidas inicialmente no citado convenio, antes da finalización deste exercicio orzamentario.

RESOLVO:

- 1) Avogar a competencia delegada na XGL conferida en virtude de Resolución de 20 de xuño de 2023.
- 2) Designar como representante do Concello de Xinzo de Limia para a Comisión de Seguimento do convenio coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil para “Análises e actuación de Consolidación das Infraestruturas Hidráulicas asociadas ao Mosteiro do Buen Jesús de Trandeiras (Xinzo de Limia-Ourense)”, ao Sr. Alcalde D. AMADOR DÍAZ PENÍN, con DNI nº 34997410-N.
- 3) Dar traslado da presente resolución ó citado organismo.





Concello de Xinzo de Limia

4) Ratificar o presente decreto en Pleno na vindeira sesión que celebre. (...)"

Tralo debate a proposta resulta ditaminada **favorablemente**, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal "ÁXIL" (1, e 1 o Alcalde), co voto a favor dos concelleiros do grupo municipal popular (3), co voto a favor dos concelleiros do PSdeG-PSOE (3), e coa abstención do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), coa **seguinte proposta de acordo:**

ÚNICO: Ratificar o antedito Decreto da Alcaldía nos seus propios termos. (...)"

Sen producirse debate a proposta resulta **aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

ÚNICO: Ratificar o antedito Decreto da Alcaldía nos seus propios termos.

Expediente 400/2023. Ratificación Decreto designación de representante para a Comisión de Seguimento do convenio coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil para a eliminación de vertidos e mellora da mobilidade nas marxes do Río Limia no tramo urbano de Xinzo de Limia (Ourense):

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Obras e Mobilidade**, do día 24/10/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o **Decreto da Alcaldía**, de data 19/09/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o acordo plenario de data 15/02/2023 por medio do cal se aprobou o convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. e o Concello de Xinzo de Limia para o financiamento, execución e entrega das obras de **"ELIMINACIÓN DE VERTIDOS E MELLORA DA MOBILIDADE NAS MARXES DO RÍO LIMIA NO TRAMO URBANO DE XINZO DE LIMIA (OURENSE)"**

Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 15/09/2023 (nº 2023-E-RC-5650) remitido pola **Confederación Hidrográfica Miño-Sil**, por medio do cal solicitan designación de representante para a Comisión de Seguimento, segundo a cláusula undécima do citado convenio.

RESOLVO:

1) Avogar a competencia delegada na XGL conferida en virtude de Resolución de 20 de xuño de 2023.

2) Designar como representante do Concello de Xinzo de Limia para a Comisión de Seguimento do convenio coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil para a eliminación de vertidos e mellora da mobilidade nas marxes do Río Limia no tramo urbano de Xinzo de Limia (Ourense), ao Sr. Alcalde D. AMADOR DÍAZ PENÍN, con DNI nº 34997410-N.

3) Dar traslado da presente resolución ó citado organismo.

4) Ratificar o presente decreto en Pleno na vindeira sesión que celebre. (...)"

Tralo debate a proposta resulta ditaminada **favorablemente**, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal "ÁXIL" (1, e 1 o Alcalde), co voto a favor dos concelleiros do grupo municipal popular (3), co voto a favor dos concelleiros do PSdeG-PSOE (3), e coa abstención do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), coa **seguinte proposta de acordo:**

ÚNICO: Ratificar o antedito Decreto da Alcaldía nos seus propios termos. (...)"

Sen producirse debate a proposta resulta **aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

ÚNICO: Ratificar o antedito Decreto da Alcaldía nos seus propios termos.





Concello de Xinzo de Limia

Expediente 6307/2023. Proposta aprobada por unanimidade a raíz da moción do Grupo Municipal Socialista para dotar de pavimento aos cemiterios municipais:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta no expediente o ***Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Obras e Mobilidade***, do día 24/10/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Dado que este expediente non foi incluído na orde do día o Sr. Alcalde expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros da comisión informativa, consonte os artigos 91.4, 83 e 138 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais.

Realizada a votación, é aceptada a **súa urxencia por unanimidade.**

Motívase a urxencia por parte da **Concelleira do Grupo Municipal Socialista, Elvira Lama Fernández**, senda a moción do seguinte teor literal:

"(...) **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No Concello de Xinzo de Limia contamos con tres cemiterios na vila de Xinzo, o Vello, o Novo e o Novísimo, que foron construídos en diferentes anos segundo foi sendo necesaria a demanda de nichos. Na actualidade, a última ampliación do Novísimo xa é insuficiente ante o número de demandas dos veciños e veciñas que desexan mercar un nicho para cando o precisen.

O último que se construíu ten pavimento de lousas, o que permite a súa limpeza e tamén a canalización da recollida de pluviais no inverno. Nos dous cemiterios máis vellos, o pavimento é de terra, e isto provoca que no tempo seco medren as herbas por tódolos sitios amosando un aspecto sucio e descoidado durante moitos días do ano, cando os servizos de limpeza do Concello non dan abasto, do mesmo xeito que no inverno, por mor das choivas e sen canalizacións, prodúcense asolagamentos en puntos concretos.

Son moitas as persoas que visitan estes espazos a diario, e son as mesmas que demandan do Concello como titular destes cemiterios, que se doten dun pavimento que solucione os problemas anteriormente expostos. Somos coñecedores de que este tipo de actuacións necesitan dun proxecto ben redactado, pola tipoloxía de nichos de diferente formato e anos de construción que hai tanto no cemiterio Vello como no Vellísimo.

O artigo 25 da Lei de Bases de réxime local atribúe aos concellos as competencias propias e dispón no apartado segundo que:

2. El Municipio ejercerá en todo caso como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:

d) Cementerios y actividades funerarias.

Con motivo do Día de Defuntos o vindeiro día 2 de novembro, son moitas as familias que fan a súa visita aos distintos cemiterios, para recordar os seus queridos. As persoas que o fan acotío demandan solucións, e os que van algunha vez ó ano tamén o fan polo aspecto que durante moitas visitas se atopan alí.

Por todo o exposto o Grupo Municipal Socialista presenta para debate e aprobación a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

1.- Que se redacte Proxecto de acondicionamento do pavimento nos cemiterios Vello e Vellísimo á maior brevidade.

2.- Que se habilite partida orzamentaria nos vindeiros Orzamentos Municipais 2024.

3.- Que por parte do Concello se soliciten as axudas que se publiquen por outras administracións para financiar ou cofinanciar os custes destas actuacións.(...)"

Tralo debate acórdase eliminar o punto 2 da moción, e ditamínase *favorablemente, por unanimidade, a seguinte proposta de acordo:*





Concello de Xinzo de Limia

1.- *Que se redacte Proxecto de acondicionamento do pavimento nos cemiterios Vello e Vellísimo á maior brevidade.*

2.- *Que por parte do Concello se soliciten as axudas que se publiquen por outras administracións para financiar ou cofinanciar os custes destas actuación. (...)"*

O Sr. Alcalde abre a quenda de intervencións:

A **Sra. Elvira Lama Fernández** manifesta que é costume permitir expor a moción ó propoñente inda que haxa acordo de todos os grupos, sendo neste caso o propoñente o grupo municipal socialista. A continuación procede a ler a exposición de motivos recollida na moción sendo a seguinte:

"(...) EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Concello de Xinzo de Limia contamos con tres cemiterios na vila de Xinzo, o Vello, o Novo e o Novísimo, que foron construídos en diferentes anos segundo foi sendo necesaria a demanda de nichos. Na actualidade, a última ampliación do Novísimo xa é insuficiente ante o número de demandas dos veciños e veciñas que desexan mercar un nicho para cando o precisen.

O último que se construiu ten pavimento de lousas, o que permite a súa limpeza e tamén a canalización da recollida de pluviais no inverno. Nos dous cemiterios máis vellos, o pavimento é de terra, e isto provoca que no tempo seco medren as herbas por tódolos sitios amosando un aspecto sucio e descoidado durante moitos días do ano, cando os servizos de limpeza do Concello non dan abasto, do mesmo xeito que no inverno, por mor das choivas e sen canalizacións, prodúcense asolagamentos en puntos concretos.

Son moitas as persoas que visitan estes espazos a diario, e son as mesmas que demandan do Concello como titular destes cemiterios, que se doten dun pavimento que solucione os problemas anteriormente expostos. Somos coñecedores de que este tipo de actuacións necesitan dun proxecto ben redactado, pola tipoloxía de nichos de diferente formato e anos de construción que hai tanto no cemiterio Vello como no Vellísimo."

A **Sra. Elvira Lama Fernández** continúa a súa exposición dando lectura a proposta de acordo sendo a lectura a seguinte:

"PROPOSTA DE ACORDO:

1.- *Que se redacte Proxecto de acondicionamento do pavimento nos cemiterios Novo e Vello (aquí pon Vello e Vellísimo).*

2.- *Que por parte do Concello se soliciten as axudas que se publiquen por outras administracións para financiar ou cofinanciar os custes destas actuacións.(...)"*

Por último a **Sra. Elvira Lama Fernández** remata a súa exposición expresando o seu agradecemento ó grupo pola sensibilidade manifestada aceptando a proposta.

O **Sr. Camilo Vila García** manifesta que a medida é boa para a veciñanza e que calquera medida de mellora das infraestruturas trae un beneficio social. A continuación propón que se estableza un calendario para levar a cabo as medidas para que polo menos o día de defuntos do ano 2024 estean executadas xa que no día de Defuntos do 2023 non vai ser posible.

O **Sr. Alcalde** manifesta que curiosamente estes días o cemiterio de terra estaba máis limpo co outro. Continúa a súa exposición dicindo que o grupo de goberno terá en





Concello de Xinzo de Limia

conta a proposta na elaboración dos vindeiros orzamentos. Quere recordar tamén que non se ten a titularidade de todos os cemiterios polo que nalgúns casos haberá que solicitar permisos para acometer as obras. Engade que debido a situación económica quizás poida ser complicado asumir esta partida con fondos propios polo que de non ser posible costear as obras con fondos do Concello petarase noutras portas.

Tralo debate a proposta resulta ***aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:***

1.- Que se redacte Proxecto de acondicionamento do pavimento nos cemiterios Vello e Vellísimo á maior brevidade.

2.- Que por parte do Concello se soliciten as axudas que se publiquen por outras administracións para financiar ou cofinanciar os custes destas actuación.

Expediente 6242/2023. Transferencia de Crédito nº 17/2023, diferente área de gasto, Fondo de Continxencia:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta no expediente o ***Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Facenda e Especial de Contas***, do día 24/10/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Dado que este expediente non foi incluído na orde do día o Sr. Alcalde expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros da comisión informativa, consonte os artigos 91.4, 83 e 138 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais.

Realizada a votación, é aceptada a súa urxencia por unanimidade.

A Sra. Interventora procede a dar lectura da **Proposta da Alcaldía**, do seguinte teor literal:

"(...) En relación co expediente relativo a a TRANSFERENCIA DE CREDITO 17/2023 que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, en cumprimento da Providencia de Alcaldía de data 20.10.2023, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Mediante Providencia de Alcaldía de data 18.10.2023, incoouse expediente para a redución de gastos do Orzamento en vigor, mediante a modalidade transferencia de crédito por importe de 25.000,00 euros.

SEGUNDO. Con data 20.10.2023, informouse por parte de Intervención a proposta de Alcaldía así como emitiuse certificado sobre a dispoñibilidade de créditos a minorar.

LEXISLACIÓN APLICABLE

— Os artigos 3, 4, 11, 12, 13, 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

— Os artigos 179 e 180 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

— O artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.

— Os artigos 42, 173 e 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime xurídico das





Concello de Xinzo de Limia

entidades locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

— Os artigos 21.1.f) e 22.2.a), e) e 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— Os artigos 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos.

— O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).

— A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.

— A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigación de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

— O artigo 28.j) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva o seguinte,

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Aprobar o TRANSFERENCIA DE CREDITO 17/2023:

Aplicación da que se transfire o crédito:

Aplicación da que presupostaría EXPRESION IMPORTE

929 50000 25.000,00

Que nas aplicacións de gastos do orzamento xeral desta corporación que a continuación se sinalan existe crédito, sendo susceptible de diminución na cifra global precedente, segundo consta na providencia da Alcaldía, coincidente tanto en aumentos como en diminucións entre aplicacións da diferente área gasto (área de gasto 9 e 0):

Aplicación á que se transfire o crédito:

Aplicación presupostaría EXPRESION IMPORTE

011.31000 ----- 25.000,00€

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e en o *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Se o Ditame que a Comisión eleve ao Pleno coincide coa anterior proposta, o que subscribe informa, en cumprimento do artigo 54 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que devandito Ditame se adecuará á Lexislación aplicable. (...)”

Tralo debate a proposta resulta ditaminada **favorablemente, por unanimidade, coa seguinte proposta de acordo:**

PRIMEIRO. Aprobar o TRANSFERENCIA DE CREDITO 17/2023:

Aplicación da que se transfire o crédito:

Aplicación da que presupostaría EXPRESION IMPORTE

929 50000 25.000,00

Que nas aplicacións de gastos do orzamento xeral desta corporación que a continuación se sinalan existe crédito, sendo susceptible de diminución na cifra global precedente, segundo consta na providencia da Alcaldía, coincidente tanto en aumentos como en diminucións entre aplicacións da diferente área gasto (área de gasto 9 e 0):





Concello de Xinzo de Limia

Aplicación á que se transfire o crédito:

Aplicación presupostaria EXPRESION IMPORTE

011.31000 ----- 25.000,00€

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e en o Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas. (...)"

O *Sr. Alcalde* abre a **quenda de intervencións:**

A *Sra. Elvira Lama Fernández* manifesta o voto a favor porque como explicou a interventora na Comisión tratase de aboar xuros con cargo ó fondo de continxencia estando prevista esta posibilidade na lei.

O *Sr. Alcalde* manifesta que no punto anterior falouse precisamente de gastos en inversión e neste caso por exemplo é preciso aboar xuros porque as obras teñen un custe que non sempre se pode asumir.

Tralo debate a **proposta resulta aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO. Aprobar o TRANSFERENCIA DE CREDITO 17/2023:

Aplicación da que se transfire o crédito:

Aplicación da que presupostaría EXPRESION IMPORTE

929 50000 25.000,00

Que nas aplicacións de gastos do orzamento xeral desta corporación que a continuación se sinalan existe crédito, sendo susceptible de diminución na cifra global precedente, segundo consta na providencia da Alcaldía, coincidente tanto en aumentos como en diminucións entre aplicacións da diferente área gasto (área de gasto 9 e 0):

Aplicación á que se transfire o crédito:

Aplicación presupostaria EXPRESION IMPORTE

011.31000 ----- 25.000,00€

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e en o Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Expediente 6234/2023. Aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal nº 7, reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais:





Concello de Xinzo de Limia

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Facenda e Especial de Contas**, do día 24/10/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a *Proposta da Alcaldía*, de data 18/10/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 16/10/2023 (nº 2023-E-RE-1263), remitido pola empresa "**Viaqua, S.A.U.**" sobre actualización das tarifas en función da variación que experimente o IPC do ano anterior que neste caso é **3,5 %**.

Visto o informe técnico económico-financieiro sobre a proposta de modificación da **ordenanza fiscal n.º 7 reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais**, presentado polo Servizo de Tesourería cuxo teor literal establece:

"(...) INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO EMITIDO POLO DEPARTAMENTO DE TESOURERÍA.

Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello, remitido pola empresa "**Viaqua, S.A.U.**" sobre actualización das tarifas en función da variación que experimente o IPC do ano anterior que neste caso é **3,5 %**.

Visto o artigo 3 e 4 da Lei 2/2015 de 30 de marzo de desindexación da economía española en relación a Disposición Transitoria sobre o réxime de revisión dos valores monetarios no apartado 1:

"1. El régimen de revisión de precios de los contratos incluidos dentro del ámbito de aplicación del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, aprobado por el Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, cuyo expediente de contratación se haya iniciado antes de la entrada en vigor del real decreto al que se refiere el artículo 4 de esta Ley será el que esté establecido en los pliegos. A estos efectos, se entenderá que los expedientes de contratación han sido iniciados si se hubiera publicado la correspondiente convocatoria del procedimiento de adjudicación del contrato. En el caso de procedimiento negociado sin publicidad, para determinar el momento de iniciación se tomará en cuenta la fecha de aprobación de los pliegos."

Vista a modificación de data 12 de xaneiro do 2009 do contrato de xestión indirecta mediante concesión do servizo municipal de abastecemento de auga potable e estación depuradora de residuais do concello de Xinzo de Limia tras a incorporación das depuradoras da área do rural ao servizo, nas estipulacións primeira apartado E, establece que as tarifas serán actualizadas conforme ao incremento do IPC.

Vista a ordenanza fiscal **n.º 7 reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais**, de conformidade co exposto, as tarifas especificadas na citada ordenanza se incrementarán anualmente en función do IPC correspondente.

O departamento de tesourería segundo as instrucións relativas o seguimento do plan de axuste, **propón:**
ÚNICO: Que na ordenanza fiscal **n.º 7: reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais,**

ONDE DI:

Artigo 5º.- Cota tributaria

1.- A cota tributaria correspondente á contratación do servizo será de 44,33 €, e de 17,718 € en concepto de conexión á rede, que se esixirá unha soa vez.

2.- A cota tributaria que se esixirá pola prestación do servizo da rede de sumidoiros determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no predio, a razón de 0,2406 euros por cada m3 ó trimestre, cun mínimo de 20 m3 ao mes.

Artigo 14º.- Cota tributaria

1.- A cota tributaria, para todo o termo municipal, que se esixirá pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no predio, a razón de 0,3745 euros por cada m3 ao trimestre, cun mínimo de 20 m3 ao mes.

No caso de que o suxeito pasivo goce de servizo de tratamento e depuración de augas residuais, utilizando a rede de saneamento municipal, sen que estea dado de alta no padrón da taxa pola prestación do servizo público de abastecemento e distribución domiciliar de auga potable, por calquera motivo,





Concello de Xinzo de Limia

xa sexa pola carencia da licenza municipais oportuna ou pola utilización de auga procedente de pozos particulares, a cota tributaria será equivalente ao mínimo. No caso de ter coñecemento de que os vertidos son superiores ao mínimo o suxeito pasivo deberá instalar un caudalímetro ao seu cargo.

2.- Para núcleos de poboación cuxa rede de saneamento verte na ETAR da vila ou nas EDAR das poboacións e o servizo de abastecemento e subministración de auga potable domiciliaria non é de titularidade municipal: aplicarase unha tarifa equivalente ao mínimo. Non obstante, de ter coñecemento de que os vertidos son superiores ao mínimo, o suxeito pasivo deberá instalar un caudalímetro ó seu cargo.

3.- Para núcleos de poboación pertencentes a outros concellos e cuxa rede de saneamento verta nas depuradoras de Xinzo de Limia, a base impositiva virá determinada polos aparellos do volume de vertidos. Non obstante, no intervalo de tempo que medie entre a instalación do aparello e a efectiva prestación do servizo, a base impositiva virá determinada por unha cantidade fixa equivalente á tarifa mínima establecida para a vila de Xinzo de Limia.

Disposición final.

A presente modificación da ordenanza fiscal, cuxa aprobación foi acordada provisionalmente polo Pleno municipal na reunión de 3 de novembro de 2022, modifica á anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2023, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.

DEBE DICIR:

Artigo 5º.- Cota tributaria

1.- A cota tributaria correspondente á contratación do servizo será de 45,88 €, e de 18,3381 € en concepto de conexión á rede, que se esixirá unha soa vez.

2.- A cota tributaria que se esixirá pola prestación do servizo da rede de sumidoiros determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no predio, a razón de 0,2490 euros por cada m³ ó trimestre, cun mínimo de 20 m³ ao mes.

Artigo 14º.- Cota tributaria

1.- A cota tributaria, para todo o termo municipal, que se esixirá pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no predio, a razón de 0,3876 euros por cada m³ ao trimestre, cun mínimo de 20 m³ ao mes.

No caso de que o suxeito pasivo goce de servizo de tratamento e depuración de augas residuais, utilizando a rede de saneamento municipal, sen que estea dado de alta no padrón da taxa pola prestación do servizo público de abastecemento e distribución domiciliaria de auga potable, por calquera motivo, xa sexa pola carencia da licenza municipais oportuna ou pola utilización de auga procedente de pozos particulares, a cota tributaria será equivalente ao mínimo. No caso de ter coñecemento de que os vertidos son superiores ao mínimo o suxeito pasivo deberá instalar un caudalímetro ao seu cargo.

2.- Para núcleos de poboación cuxa rede de saneamento verte na ETAR da vila ou nas EDAR das poboacións e o servizo de abastecemento e subministración de auga potable domiciliaria non é de titularidade municipal: aplicarase unha tarifa equivalente ao mínimo. Non obstante, de ter coñecemento de que os vertidos son superiores ao mínimo, o suxeito pasivo deberá instalar un caudalímetro ó seu cargo.

3.- Para núcleos de poboación pertencentes a outros concellos e cuxa rede de saneamento verta nas depuradoras de Xinzo de Limia, a base impositiva virá determinada polos aparellos do volume de vertidos. Non obstante, no intervalo de tempo que medie entre a instalación do aparello e a efectiva prestación do servizo, a base impositiva virá determinada por unha cantidade fixa equivalente á tarifa mínima establecida para a vila de Xinzo de Limia.

Disposición final.

A presente modificación da ordenanza fiscal, cuxa aprobación foi acordada provisionalmente polo Pleno municipal na reunión de _____ de 2023, modifica á anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2024, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.(...)”

Visto o informe de **Intervención** e o informe de **Secretaría** do procedemento a seguir.

Visto o proxecto de modificación da ordenanza fiscal n.º 7: reguladora da taxa polo servizo de





Concello de Xinzo de Limia

sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais, a **fin de actualizar as tarifas conforme ó incremento do IPC experimentado entre setembro 2022 e setembro 2023, sendo o mesmo do 3,5 %**.

DISPOÑO

1º.- Que se emita Ditame pola Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica en relación coa aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal n.º 7 reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais a fin de actualizar as tarifas conforme ó incremento do IPC experimentado entre setembro 2022 e setembro 2023.

2º.- Que se eleve ao Pleno da Corporación para que acorde o que estime conveniente.

A tal fin xúntase a seguinte **PROPOSTA DE DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA**:

“Visto o expediente tramitado para a modificación da ordenanza fiscal n.º 7: reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais.

Visto o informe de Intervención, o informe técnico económico-financeiro emitido polo Departamento de Tesourería e informe de secretaria

Vista a Memoria de Alcaldía de data 18/10/2023.

En cumprimento do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta Comisión Informativa de Obras, Economía, Facenda e Contas,

DITAMINA

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal n.º 7 reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais, e nos mesmos termos nos que figuran no expediente coa redacción que a continuación se recolle:

«Modificación da Ordenanza fiscal N.º 7 reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais .

Artigo 5º.- Cota tributaria

1.- *A cota tributaria correspondente á contratación do servizo será de 45,88 €, e de 18,3381 € en concepto de conexión á rede, que se esixirá unha soa vez.*

2.- *A cota tributaria que se esixirá pola prestación do servizo da rede de sumidoiros determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no predio, a razón de 0,2490 euros por cada m3 ó trimestre, cun mínimo de 20 m3 ao mes.*

Artigo 14º.- Cota tributaria

1.- *A cota tributaria, para todo o termo municipal, que se esixirá pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no predio, a razón de 0,3876 euros por cada m3 ao trimestre, cun mínimo de 20 m3 ao mes.*

No caso de que o suxeito pasivo goce de servizo de tratamento e depuración de augas residuais, utilizando a rede de saneamento municipal, sen que estea dado de alta no padrón da taxa pola prestación do servizo público de abastecemento e distribución domiciliaria de auga potable, por calquera motivo, xa sexa pola carencia da licenza municipais oportuna ou pola utilización de auga procedente de pozos particulares, a cota tributaria será equivalente ao mínimo. No caso de ter coñecemento de que os vertidos son superiores ao mínimo o suxeito pasivo deberá instalar un caudalímetro ao seu cargo.

2.- *Para núcleos de poboación cuxa rede de saneamento verte na ETAR da vila ou nas EDAR das poboacións e o servizo de abastecemento e subministración de auga potable domiciliaria non é de titularidade municipal: aplicarase unha tarifa equivalente ao mínimo. Non obstante, de ter coñecemento de que os vertidos son superiores ao mínimo, o suxeito pasivo deberá instalar un caudalímetro ó seu cargo.*

3.- *Para núcleos de poboación pertencentes a outros concellos e cuxa rede de saneamento verte nas depuradoras de Xinzo de Limia, a base imponible virá determinada polos aparellos do volume de vertidos. Non obstante, no intervalo de tempo que medie entre a instalación do aparello e a efectiva prestación do servizo, a base imponible virá determinada por unha cantidade fixa equivalente á tarifa mínima establecida para a vila de Xinzo de Limia.*





Concello de Xinzo de Limia

Disposición final.

A presente modificación da ordenanza fiscal, cuxa aprobación foi acordada provisionalmente polo Pleno municipal na reunión de _____ de 2023, modifica á anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2024, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios e na sede electrónica deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, por prazo de trinta (30) días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e interpor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CUARTO. Facultar á Sra. Alcaldesa para subscribir os documentos relacionados con este asunto e realizar cantos trámites resulten precisos de cara a entrada en vigor da presente modificación da Ordenanza Fiscal.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ao Concelleiro de Facenda, así como aos servizos da área económico financeira. (...)"

Tralo debate a proposta resulta *ditaminada favorablemente, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal "ÁXIL" (1, e 1 o Alcalde), co voto a favor dos concelleiros do grupo municipal popular (3), co voto a favor dos concelleiros do PSdeG-PSOE (3), e coa abstención do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), coa seguinte proposta de acordo:*

